

## MESA SECTORIAL DO 9 DE MARZO

**Santiago, 9 de marzo de 2022.**

Na Mesa Sectorial de Educación de hoxe tratouse sobre o Anteproxecto de Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

### [Anteproxecto de Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia](#)

Dende o Sector de Ensino de UGT Servicios Públicos pensamos que este anteproxecto é unha mera transposición reduccionista do [Real Decreto 95/2022](#). A redacción que se nos presenta apunta, unha vez máis, cara unha innecesaria sobrecarga burocrática para o docente mentres que se perde a oportunidade de poñer en valor a realidade lingüística e sociocultural de Galicia.

Na Mesa Sectorial solicitamos especificamente cambios nos seguintes artigos:

Artigo 11.4 *“As actividades escolares no segundo ciclo da etapa desenvolveranse, cando menos, ao longo de vinte e cinco horas semanais.”*

Debe retirarse a referencia a “cando menos” que só pode ter a función de posibilitar a futura ampliación da xornada a cativos de menos de 6 anos. Debemos priorizar o seu benestar por enriba doutras consideracións que non veñen precisamente do eido pedagóxico. A expresión debe corrixirse por “un máximo de 25 horas” dando así cabida ó necesario periodo de adaptación. Doutra maneira, cal é a intención da administración?

[Xa que se aproveita o decreto para indicar o tempo lectivo, sorprende que a administración opine que neste documento, non se pode facer referencia ó periodo de adaptación. Entenden que podería estar nas NOF pero non neste decreto de currículo.](#)

Artigo 14. *“elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das áreas“*

Á luz deste artigo, a contradición dalguén que puidera inchar peito afirmando que traballa por proxectos pero avalía mediante exames non resultaría tan evidente para a Consellería. Non se entende, que a propia Administración nos pida programacións didácticas separadas por áreas, para, a continuación, no artigo 15 exixirnos traballar por “propostas globalizadas de ensino”. En que quedamos?

[A este respecto a administración entende que a programación debe ser por área e en unidades didácticas independentemente da concreción metodolóxica que se leve a cabo na práctica da aula. Non considera que implique unha incongruencia.](#)

Por outra banda, no artigo 15.5 establécese que se fomentará a exposición á primeira lingua estranxeira “especialmente no último ano”. Pedimos que se nos aclare de que xeito se fomentará máis. Temos que ter en conta que a carga horaria actual é a mesma nos tres cursos e ademais existen moitas aulas mixtas. O artigo sen máis especificacións parece un brindis ó sol.

Con respecto ó artigo 18, gustaríanos facer énfase en que a carga de funcións que ten unha persoa titora deberíase compartir contando cun docente de apoio, cando menos, no primeiro trimestre de cuarto de infantil. En xeral temos unha dotación insuficiente de persoal, tendo en conta que temos ratios demasiado amplas.

A administración, sen ter en conta o progreso feito noutras comunidades con recursos propios, entende que a dotación de persoal que suporía é un tema de carácter nacional e dependerá da situación económica estatal.

No artigo 18.3 faise referencia explícita a que esta etapa se entende como un “proceso compartido coas familias”. Aproveitamos aquí para facer énfase no valor engadido que teñen as unitarias e CRAs para posibilitar unha interacción do neno no seu entorno.

En especial os artigos 19.2 e 20.6 supoñen, sobre o papel grandísimas medidas que compartimos e que afondan na calidade do sistema. Lamentablemente, o paso do papel á práctica exige baixada de ratios e menos carga lectiva. O papel todo o soporta, o docente, que é o bastión sostén da pública, está ó tope da súa resistencia.

O mesmo ocorre co artigo 29.2. A potenciación do uso das tecnoloxías debe necesariamente acompañarse dunha mantemento continuo e ampliación de recursos na aula de infantil cando menos ordenadores e pizarra dixital, tablets... Non podemos permitir que siga habendo barreiras arquitectónicas e ter que “subir á aula de informática...”

A Consellería resposta que a través dos plans dixitais están a analizar as posibles deficiencias nos centros e que aportarán a dotación axeitada.

No apartado de rogos e preguntas démoslle voz a queixas que reiteradamente nos fixestes chegar os docentes.

En primeiro lugar pedimos unha solución sobre a problemática de **Cátedras** por especialidade. Danse situacións nas que a adxudicación de praza nunha segunda especialidade no CXT implica perder a condición de catedrático. Consideramos que é un agravio comparativo cos antigos catedráticos na que a condición era persoal e non dependía da especialidade que ocuparan nun momento. Tamén voltamos preguntar pola situación das cátedras de conservatorio. [Índicannos que trasladarán ó tema a Subdirección de Recursos Humanos.](#)

Queremos facer énfase tamén no contínuo borrado de **vacantes** de menos de quince días que repercute negativamente na calidade da educación que recibe o noso alumnado. O compromiso da administración de cubrir todas as **baixas** en tempo de COVID non se está a cumprir.

Con referencia ó **calendario escolar**, precisamos ter canto antes información de como será o próximo inicio de curso. É importante para xestionar a carga burocrática. A desinformación pode supor un caos engadido.

No que atinxe ó **CXT** queremos que se constate se o inqueda número de “resultas” non adxudicadas se debe a erro ou á intención de amortizar prazas. Tamén preguntamos pola data de resolución definitiva.

A apresurada transformación de varios IES en **CIFPs** trae pésimas consecuencias a docentes que concursan perdendo puntos para atoparse cunha amortización antes de chegar ó centro. Tamén afecta ó alumnado que a estas alturas de ano non ten seguridade con respecto á oferta educativa dispoñible e real. Insistimos en que se xestione con transparencia e información suficiente para evitar no posible o impacto negativo na comunidade escolar. [A administración contesta que é certo que están en proceso varias transformacións que se teñen que analizar centro a centro atendendo ós recursos e ás familias](#)

profesionais, así como ás posibles necesidades de obras. No caso do IES de Frei Martín Sarmiento de Pontevedra e o IES de Teis de Vigo, nin se visitaron polo tanto de momento non se contemplan estas transformaran. Si se prevé algún cambio en Pontevedra.

Sobre as **oposicións** en marcha, queremos saber cal é a previsión sobre o desenvolvemento administrativo. Cando podemos esperar a resolución provisional de admitidos? Cando as de tribunais...?

En relación ó **concurso de méritos de estabilización** que a Consellería ten que resolver para decembro seguimos sen ter novas. Estamos á espera de negociar criterios claros e consensuados para establecer esas prazas como se nos prometeran para o mes de febreiro. Temos información de que existen organizacións sindicais ofrecendo datos á este respecto de xeito irresponsable, creando falsas expectativas ó profesorado. Ademáis hai que diferenciar entre o sistema de acceso e de provisión de postos. Acceder a unha praza de funcionario nunha especialidade non implica a obtención dunha determinada definitiva sen pasar por un CXT.

Un punto relacionado coa actualidade céntrase na precarización que se pode dar no **profesorado itinerante**. Dada a imparable subida do coste de carburantes, é inevitable que este persoal se vexa moi afectado nas súas retribucións. Plantexamos una revisión da compensación que se lles viña establecendo.

Unha última demanda que lle plantexamos á Consellería é que debería ir trazando un plan de continxencia para incorporar coas máximas garantías ó **alumnado que acollamos** das familias de refuxiados de Ucraína. [A este respecto estase a traballar en xeral dende Presidencia e adaptaranse medidas concretas en educación.](#)